

# TORNEO DE XADREZ ACTIVO A VALENZÁ

CIRCUITO GALICIA CENTRAL  
ACADEMIA DE XADREZ AS BURGAS 2024

SÁBADO, 8 DE XUÑO DE 2024, AS 16 H

NA CASA DA MOCIDADE DE A VALENZÁ

RÚA OS DIESTROS, 2, A VALENZÁ (BARBADÁS)



Torneo valedoiro para **ELO FIDE de rápidas**  
**15 m + 3s.**

CATEGORÍAS **SUB 08,10,12,14,16**

Absoluto e veterán

**Inscricións ata 06 de xuño** no e-mail:

[xadrezasburgas@gmail.com](mailto:xadrezasburgas@gmail.com)

[www.xadrezasburgas.net](http://www.xadrezasburgas.net)

5 €



CONCELLO DE BARBADÁS



# TORNEO DE XADREZ ACTIVO A VALENZÁ

## Circuíto Galicia Central Académica Xadrez As Burgas 2024

### **BASES**

Organizadores:  
Académica Xadrez As Burgas –  
Casa da Mocidade de Barbadás

**Patrocinador:**  
Concello de Barbadás

Data: **Sábado 08 xuño 2024 ás 16 h.**  
Lugar de xogo: **Casa Da Mocidade de Barbadás**  
Rúa Os Diestros, 2, 32002, A Valenzá

**Horario:**  
16 h : presentación.  
16 h 15 : Primeira rolda.  
16 h 55: Segunda rolda.  
17 h 35: Terceira rolda.  
18 h 15: Cuarta rolda.  
18 h 50: Quinta rolda.  
19 h 30: Sexta rolda.  
20 h 15: Entrega de premios.

Hai que estar presente na cerimonia de clausura para recoller o premio; haberá sorteo a maiores de material deportivo.

Torneo valediro para Elo Fide de rápidas. Todos os xogadores teñen que estar federados e con ID (se hai algún xogador que non teña ID, haberá manifestalo á organización para que se solicite).

A participación está limitada a 100 xogadores contabilizando os dous torneos A e B.

**Inscricións:**  
O custe é de 5 euros a pagar antes da primeira rolda.

Ata o xoves, 06 de xuño (as 24 h) ao email: [xadrezasburgas@gmail.com](mailto:xadrezasburgas@gmail.com).  
Wassapt (para calquera aclaración ou dúbida): 609 70 91 84.

**Sistema de xogo:** suízo a 6 roldas emparellado polo sistema informático Vega, aplicándose o regulamento Fide apartado de rápidas.

**Tempo por partida:** 15 m + 3 s.

**Desempate:**

- a) Resultado particular
- b) Bucholz -1
- c) Corte de bucholz -2
- d) Bucholz total
- e) APRO

### Haberá dous torneos paralelos :

- Torneo A: sub 12. (segundo dispoñibilidade da organización)
- Torneo B: absoluto (permitirase xogar no torneo absoluto a aqueles xogadores que o soliciten puntuando en sub 14)

### Premios:

Absoluto	Trofeo ao campión. Medalla ao 2º, 3º, 4º, 5º clasificado. Trofeo ao Veterán (+50).
Sub 16	Trofeo ao campión. Medalla ao 2º, 3º clasificado.
Sub-14	Trofeo ao campión. Medalla ao 2º, 3º clasificado.
Sub-12	Trofeo ao campión. Medalla ao 2º, 3º clasificado.
Sub-10	Trofeo ao campión. Medalla ao 2º, 3º clasificado.
Sub-08	Trofeo ao campión. Medalla ao 2º, 3º clasificado.

Haberá a maiores sorteos en material de xogo e outros entre todos os participantes.  
Torneo valedoiro para a clasificación xeral do Circuito Galicia Central 2024

**O Árbitro Principal** é Manuel Angel Garcia Fernández (AF).





**CIRCUITO DE XADREZ ACTIVO  
GALICIA CENTRAL  
Académica Xadrez As Burgas-  
Escaque Vital  
2024**



Concello de  
**OURENSE**  
Deportes

**BASES GENERALES**

0) O Club Académica Xadrez As Burgas en colaboración coa Asociación Escaque Vital organiza e coordina o presente circuito. A pretensión deste circuito é ofrecer unha serie de torneos de ritmo rápido valedeiros para Elo FIDE en localidades do centro de Galicia e nos que poidan participar todas as idades.

1) O circuito consta de varios torneos a celebrar preferentemente os sábados pola tarde a partir das 16 h e ata as 21 h, a 6 roldas, ou excepcionalmente o domingo pola tarde, (se houberse máis de 64 xogadores serían 7 roldas), durante os meses de maio a outubro en partidas semirápidas en localidades do centro de Galicia organizados por concellos, centros comerciais ou clubs.

2) O ritmo de xogo será de 15 minutos + 3 s para cada participante. Todos os participantes haberán ter licenza en vigor e os torneos serán valedeiro para Elo Fide aplicándose o regulamento das Leis do Xadrez da Fide para ritmo rápido.

3) A inscrición para cada torneo é de **5 euros**, o que dará dereito a participar en cada un dos torneos (están previstos 7), que será aboada en efectivo, antes da primeira rolda de cada torneo. Aqueles xogadores que non estén federados, haberán de avisar a organización no prazo de inscrición e efectuar a abono da licenza, 5E ata sub 14; 15 E en absoluto (licenza federativa válida para toda a tempada).

Para cada torneo a inscrición farase enviando un correo a: [xadrezasburgas@gmail.com](mailto:xadrezasburgas@gmail.com)

A páxina do circuito será: [www.xadrezasburgas.net](http://www.xadrezasburgas.net)

A inscrición pechará o xoves as 24 h anterior ao sábado de cada torneo. De ser necesario poñer un límite de prazas, respetarase rigurosamente a orde de inscrición.

4) Os torneos con clasificación individual e por categorías levaranse a cabo a modo de dous torneos paralelos independentes:

Torneo A: sub-08, sub-10, sub-12 ; (realizarase con un mínimo de 25 xogadores e segundo dispoñibilidade da organización)

Torneo B: sub 14, sub 16, e absoluto.

\*\*\*Permitirase a participación no torneo absoluto aos xogadores sub-08/sub10/sub-12 que o soliciten, puntuando nese caso como xogadores sub-14.

O sistema de desempate será:

- a) Resultado particular.
- b) Bucholtz -1.
- c) Corte de bucholtz -2.
- d) Bucholtz total.
- e) APRO.

5) Haberá premios en cada torneo para as seguintes categorías:

Absoluto	Trofeo ao campión, 2do, 3eiro, 4to e 5to (medalla ou trofeo). Trofeo ao campión veterán (+50).
Sub-16	Trofeo ao campión, 2do, 3eiro (medalla ou trofeo).
Sub-14	Trofeo ao campión, 2do, 3eiro (medalla ou trofeo).
Sub-12	Trofeo ao campión, 2do, 3eiro (medalla ou trofeo).
Sub-10	Trofeo ao campión, 2do, 3eiro (medalla ou trofeo).
Sub-08	Trofeo ao campión, 2do, 3eiro (medalla ou trofeo).

Categorías:

**Sub 08: 2016 e posteriores;**  
**sub 10: 2015-14;**  
**sub 12: 2013-12;**  
**sub 14: 2011-10;**  
**sub 16: 2009-2008;**  
**veterán supra 50, 1974 e inferiores.**

Respetaranse as categorías de base para a entrega de premios. Se houboese algún premio deserto por falla de xogadores nunha categoría, optarán aos mesmos os xogadores de categorías inferiores que non recibirán premios nos 3 primeiros da súa categoría.

Haberá unha clasificación por equipos en cada un dos torneos paralelos tendo en conta os 4 primeiros (ou como mínimo 3) clasificados por equipos por torneo A e B. Contará para o trofeo final do circuito.

6) Para establecer a clasificación final do circuito seguirase a seguinte orde para cada categoría (sub08 campión/campiao, sub 10 campión/campioa, sub 12 campión/campioa, sub 14 campión/campioa, sub 16 campión/campioa, Veterán + 50, Absoluto campión/campioa:

Sumaranse os mellores resultados da metade dos torneos +1 (ou sexa 4, están previstos 7 torneos), seguindo a seguinte orde:

- a) Puntos obtidos sumando os puntos na metade dos torneos +1.
- b) Maior puntuación obtida nun solo torneo.
- c) Enfrontamentos particulares.
- d) Maior número de participación no conxunto dos torneos.

Para a clasificación por equipos haberá dous trofeos e dúas clasificacións: torneo sub 12 e torneo absoluto. Para confeccionar a clasificación final sumaranse os puntos dos 4 (ou un mínimo de 3) primeiros clasificados por equipos de cada torneo individual sumando por orde:

- a) Puntos obtidos sumando os puntos do equipo dos torneos da metade +1.
- b) Maior puntuación obtida nun solo torneo.
- c) Maior número de vitorias (por torneo).
- d) Maior número de participacións de xogadores no conxunto dos torneos.

Premios aos gañadores do circuito 2024 (farase entrega dos trofeos e agasallos no último torneo previsto):

Por equipos	Sub 12: Trofeo e agasallo en especie. Absoluto: Trofeo e agasallo en especie .
Absoluto	Trofeo ao campión + agasallo en especie. Trofeo ao Veterán (+50) + agasallo en especie.
Sub-16	Trofeo ao campión + agasallo en especie.
Sub-14	Trofeo ao campión + agasallo en especie.
Sub-12	Trofeo ao campión + agasallo en especie.
Sub-10	Trofeo ao campión + agasallo en especie.
Sub-08	Trofeo ao campión + agasallo en especie.

7) Non hai límite de xogadores participantes, pero dependerá da dispoñibilidade da sala a disposición en cada torneo, o que se comunicará nas bases específicas para cada torneo.

8) Os xogadores do circuito autorizan a publicación dos seus datos pessoais e imaxe nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria a seus intereses e dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Ley de Enjuiciamiento Civil e na Ley Orgánica 15/99, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal.

9) As presentes bases poderán sufrir modificacións de ser necesario para o desenvolvemento adecuado do presente circuito 2024.

Torneos previstos:

08 de xuño: Casa Da Mocidade (A Valenzá, Barbadás)

15 de xuño: CEIP Padrez Feijoo de Allariz (Allariz)

29 de xuño: Centro Comercial Pontiñas (Lalín)

7 de setembro : Galerías Unión-Progreso (Ourense)

14 de setembro: Auditorio (O Carballiño)

21 de setembro: Centro Comercial Pontevella (Ourense)

28 de Setembro: **Torneo final** e entrega dos premios do Circuito, Espazo Xove (Ourense)

Club organizador e coordinación:

Académica Xadrez As Burgas.

Web do circuito: [www.xadrezasburgas.net](http://www.xadrezasburgas.net)

Email: [xadrezasburgas@gmail.com](mailto:xadrezasburgas@gmail.com)

Árbitros: Manuel Angel García Fernández (AF).

Director do Circuito: Edel Alejandro Garcia Álvarez